



Xulio Villarino

deFESTA
xeodestino norte

de**FESTA** xeodestino norte

Xulio Villarino

deFESTA xeodestino norte

Primeira edición: Abril 2022

Deseño, edición e concepto de Xulio Villarino
Fotografías de Xulio Villarino
Texto de Alex Lozano
www.xuliovillarino.com



Deputación
DA CORUÑA

PRÓLOGO

Valentín González Formoso

Historia, cultura, patrimonio natural e implicación das persoas que habitan os seus lugares. Todos estes requisitos reúne a comarca de Ferrolterra para ser un dos xeodestinos por excelencia de todo o territorio español.

A paixón e o sentimento dos ferroláns consegue que cada ano a Semana Santa sexa un referente internacional; o entusiasmo pola música e a súa tradición celta fan que hoxe en día o Festival de Ortigueira sexa un dos eventos referencia a nivel mundial; as ondas de Valdoviño xeran unha atmosfera especial que abraia aos surfistas que cada ano compiten no Pantin Classic; as maravillosas alfombras florais que a veciñanza de Ares realiza con esmero para que os nenos e nenas poidan facer a súa primeira comunión ou a entrega coa que se vive a Festa da Fraga, en especial a súa sesión vermú.

Todas estas cousas, vencelladas inequivocamente á beleza do noso patrimonio histórico e natural, atraen a milleiros de persoas que elixen a comarca de Ferrolterra como destino turístico. E non só dunha volta; quen a visita, regresa.

Por todo isto, desde a Deputación da Coruña apostamos fortemente pola consolidación da comarca de Ferrolterra como un xeodestino de calidade, que ofrece unha enorme gama de posibilidades e que ano tras ano consegue incrementar os seus atractivos.

Xulio Villarino fai un resumo moi acertado, certo, da comarca neste ‘DeFESTA Xeodestino Norte’ no que explica as potencialidades turísticas desta fermosa terra do litoral atlántico.

Neste percorrido polos festexos de Ferrolterra a través das imaxes, fai valer máis que nunca aquilo de “unha imaxe vale máis que mil palabras”. Que necesarias son as instantáneas para recompilar o que somos como pobo, para recoller a nosa identidade e para que a lembranza sexa eterna. Ocorrénseme poucos nomes máis axeitados que o de Xulio Villarino para un traballo deste calado. Só queda agradecerlle o seu traballo no meu nome e no de toda a Deputación!

DE FESTA POLO NORTE

Álex Lozano

Antigüidade, a orixe e a historia, a singularidade da festa respecto doutras, o arraigo (que demostran a asistencia e a participación da poboación local), a promoción, o valor cultural e a continuidade no tempo son os principais requisitos que hai que acreditar para que unha festa sexa declarada de Interese Turístico Galego. No xeodestino de Ferrolterra hai nove. A primeira fin de semana despois de Corpus é cando Ares viste as súas rúas coas alfombras florais. Os veciños dedican varias xornadas a xuntar as flores, a tuia e mesmo as áreas pintadas que empregan para o deseño. O traballo concéntrase na noite do sábado, ata primeira hora da mañá, cando ten que estar todo listo. A procesión da tarde do domingo, desde a igrexa aresá, discorre por riba dos mantos florais que recobren o pavimento.

Hai distintos grupos de traballo, que se van repartido as zonas. Esta obra de arte vexetal esténdese por máis dun quilómetro, e a vila, nesa fin de semana, recende a rosas, caraveis, hortensias, pino ou tuia. As rúas Real e María e a praza da Igrexa son os escenarios deste traballo colectivo. Hai esforzo e creatividade detrás desta iniciativa, que se leva a cabo desde 1986 para conmemorar o Corpus Christi.

O 25 de xullo de 1904, xusto ao rematar as patronais do Carme das Pontes, organizouse a primeira Festa da Fraga, no lugar da Balsa, con merendas e xogos. A mediados do século XX, a festa mudouse á Fraga de dona Rita (en alusión ao nome da propietaria do terreo, que agora pertence ao Concello), ao pé do río e moi preto da zona urbana. Aquela especie de «patrón pequeno» co que remataban as festas do Carme foi medrando, con máis xornadas de romaría, grupos de música e baile tradicional, orquestras... e foi gañando atractivo entre a rapazada, do municipio pontés e de toda a bisbarra. Xa hai tempo que se converteu nunha das citas de referencia do verán.

A medida que ía aumentando a afluencia de xente ían xurdindo novas actividades e íanse recuperando outras, como o antigo concurso de cabanas, os xogos populares ou o festival

folk. Ao pé do río todo o mundo ten cabida, grandes e cativos. No século XVIII, a pesca do polbo foi unha das actividades de maior peso no porto de Mugardos. E acabou converténdose na ensaña gastronómica deste pobo mariñeiro. Así xurdiu a Festa do Polbo, que no 2022, trala pandemia, chegou á edición número trinta, «unha das máis especiais da súa historia», como destacaban desde o goberno local. Este encontro forma parte das festas do Carme de Mugardos, xira arredor do polbo (co reparto de máis de mil quilos e unhas tres mil racións, dentro dunha carpa) e tamén da música das charangas. A esencia desta festa é o polbo, como seña de identidade e símbolo gastronómico da vila mugardesa. Nos últimos tempos, o Concello tentou recuperar o protagonismo dos colectivos veciñais nesta festa, cunha participación activa nas tarefas que se levan a cabo na carpa, agás na da preparación do polbo. A intención do Concello é que a Festa do Polbo de Mugardos sexa, ademais, «unha xornada de exaltación do tecido asociativo» do municipio.

O Oenach Atlántico arrinca á noite na campa de Sedes, en Narón, co acendido do lume. O Padroado da Cultura do Concello naronés e a Asociación de Veciños Rosa dos Ventos son os encargados de organizar esta recreación da cultura celta-galaica, con máis de dúas décadas de traxectoria. Todo xira arredor da aldea castrexa, con música, un espazo de xogos rurais, gastronomía, obradoiros e teatro, e algún ano fíxose ata un concurso que premia ás parellas ou grupos que se suan ao evento caracterizados de época.

A recreación teatral do domingo pola mañá na campa constitúe un dos momentos de maior interese. Todo discorre na parcela da Feira do Trece, unha feira con centos de anos de antigüidade. O Concello de Narón conta que chegou a congregarse a máis de 23.000 persoas, no momento de esplendor das feiras, na segunda metade do século XX. O outro cumio do Oenach Atlántico é a Noite do Castro, cando a veciñanza representa unha peza teatral, a cargo da Grande Compañía de

Teatro Comunitario de Sedes, no castro de Eiravedra.

Arredor de tres mil confrades participan na Semana Santa de Ferrol, declarada Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2014. Entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección prográmanse máis de vinte procesións, organizadas polas cinco entidades: a Confraría e Irmandade de Nosa Señora das Angustias, a Venerable Real e Moi Ilustre Confraría do Santísimo Cristo da Misericordia e María Santísima dos Dolores, a Confraría da Nosa Señora da Merced e o Santísimo Redentor, a Irmandade dos Cabaleiros do Santo Enterro e as Confrarías da Soidade.

A Xunta Xeral de Confrarías coordina as procesións, «vistas, multitudinarias, emotivas e solemnes». Destacan as do Venres Santo, co Santo Encontro, pola mañá na praza de Amboage, o Santo Enterro, pola tarde, e Os Caladiños, á noite. Os pasos desta última retíranse de madrugada, logo do tradicional canto da Salve. A máis longa e numerosa é a do Santísimo Cristo da Misericordia e María Santísima da Piedade, o Xoves Santo, con 1.800 confrades, sete pasos, nove bandas de músicas e un emotivo canto dos militares da Brilat como remate. A cidade vive os seus días máis grandes.

A orixe da Festa do Pan de Neda está no concurso de empanadas que puxo en marcha a Asociación de Veciños de Ancos para celebrar o último día das patronais, no lugar de Albarón. Aínda que a tradición panadeira deste municipio remóntase á Idade Media, cando xorden os muíños do río Beelle. «Tiña moitos e a xente ía polo trigo a Vilalba e moíao aquí. Os fornos alugábanse a moitas mulleres que facían pan e ían vendelo ao mercado de Ferrol, collían o tranvía e despois, cando o quitaron, o bus número dous», relata Gonzalo Romero, un dos artífices daquel certame.

Hoxe, é o Concello o que organiza a Festa do Pan, un produto que, como subliña Romero, «deu moitos cartos, era o sustento de moitas familias». O paseo marítimo énchese de postos, con venda de pan, empanadas e doces, e mesmo artesanía. Tampouco faltan a música nin outras actividades para os máis novos. E nos días previos, o Concello convida a coñecer a Ruta dos Muíños, unha andaina guiada que vai pola marxe do río Beelle, ata O Roxal, e remata nun dos muíños, onde se pode ver o seu funcionamento.

As rondallas levan máis dun século saíndo ás rúas de Ferrol para cantarlles ás mulleres, na Festa das Pepitas, que botou a andar no ano 1903, na véspera de San Xosé. Son bandas de

instrumentos de corda ataviadas con traxes semellantes aos dos tunos universitarios, con capas, lazos, cintas e escarapelas, e cada unha conta coa súa madriña. Co tempo, a festa foi evolucionando, ata que se institucionalizou un acto no Teatro Jofre, coa entrega de insignias de honra e a conmemoración da irmandade entre os concellos de Ferrol e Mondoñedo. Esa noite é unha das de máis movemento na urbe naval, e conta ata cun doce típico, elaborado con chocolate e laranxa e con forma de corazón. Coñécese como o bico das Pepitas.

Xavier Garrote (Ortigueira, 1951) fundou, en 1975, a Escola de Gaitas da súa vila natal, e tres anos despois, o Festival Internacional do Mundo Celta. «Queríamos darlles aos alumnos unha visión do mundo cultural máis próximo a nós, os países celtas [...]. Hoxe vese fácil, pero era complexo, partiamos de cero. E aínda que a xente di que todo isto empezou a raíz de ir tocar a Bretaña, non é certo. Nós organizamos o festival no 78 e despois, ese ano, fomos tocar a Bretaña. Ese primeiro festival foi un día só, e desbordounos», relataba hai uns anos no diario La Voz de Galicia. Neste mesmo xornal, Álvaro Fernández Polo, que ía da man de Garrote, recordaba que daquela «nin había infraestrutura nin equipos nin diñeiro público nin patrocinadores... Era todo voluntarista». Marías, Jesús Losada e Francisco Bermúdez completaban o equipo inicial. Aquela primeira etapa durou ata 1988 e o Mundo Celta renaceu en 1995, grazas a Loli Pérez, daquela animadora sociocultural. «No 96 na foi unha explosión», lembraba antes da pandemia. E a partir de aí, sempre ao amparo do Concello, non deixou de medrar.

O primeiro Pantín Classic disputouse a finais de setembro de 1988. Aquela proba gañouna Jorge Imbert, que era o campión de España e que participara por casualidade. «Desde aquela edición, o torneo foi medrando de categoría, ata que no 1993 entrou a formar parte do campionato do mundo, un calendario no que continúa», como subliñan desde o Concello de Valdoviño.

Surfistas, organización e público revalidan cada ano a súa fidelidade a este espectáculo deportivo, que foi mudando de datas, sempre no mesmo escenario, a praia de Pantín. Por que neste areal? «Pola súa orientación e porque aguanta ondas de maior tamaño rompendo de modo ordenado, ondas surfeables de ata cinco metros, algo impensable nos outros areais do municipio», explican os artífices deste evento, que vai máis aló do deportivo.



FESTA DAS ALFOMBRAS FLORAIS DO CORPUS CHRISTI (ARES)

Para a veciñanza de Ares, o domingo de Corpus e o sábado anterior son días moi especiais, nos que poñen en valor o traballo de varios meses. Este municipio consolidouse, desde 1986, coma unha das localidades do norte de Galicia que vive con maior intensidade esta festa, cubrindo de flores varias rúas. Como recordan os veciños, todo comezou o 2 de xuño de 1983, cando algúns deles colocaron diante das portas das súas casas unha mesiña cun xarro de flores. Ía enriba dun pequeno corredor de espadana, onde faría parada a procesión. Ao ano seguinte incorporaron un escudo de Galicia, elaborado con flores, e xa no 1985 confeccionaron un pequeno tramo de alfombra entre dúas casas, con debuxos e cenefas. De aí vén a tradición dunha festa que remata coa marcha relixiosa do domingo, na que participan os menores que fixeron a Primeira Comuñón.











ROMARÍA DA FRAGA (AS PONTES)

Cando Galicia enteira festexa as festas do Apóstolo Santiago, As Pontes entrégase á Romaría da Fraga, un encontro que ten a súa orixe na illa do Eume, a comezos do século XX. Daquela coñecía-se como Romaría da Insua. A insua desapareceu e a festa celébrase no parque da Carballeira de Dona Rita, xusto á entrada da vila. Unha multitude enche as beiras do río, ao pé mesmo do parque natural das Fragas do Eume, unha paraxe única e o mellor exemplo de bosque atlántico que se conserva en Europa. Alí, na Carballeira de Dona Rita, soa a música das mellores orquestras do momento, e tamén o folk. Acoden familias enteiras e a paixón pola Romaría da Fraga váise pasando de xeración en xeración. Nos días previos hai que marcar as parcelas nas que se vai situar cada grupo. Chega logo das Festas do Carne, nun mes de moita diversión na vila pontesa.

















FESTA DO POLBO (MUGARDOS)

Xullo é o mes da Festa do Polbo de Mugardos, un encontro con máis de trinta anos de historia arredor dun produto co que se identifican os veciños da vila. Esta cita gastronómica ten lugar nunha carpa. Alí é onde se prepara o polbo, á vista dos comensais, que enchen a localidade. Os turistas levan anos sumándose a esta festa, á que tamén acoden desde os municipios próximos. A experiencia paga a pena, non só por saborear o polbo cocinado ao estilo mugardés (é característico acompañalo dunha salsa feita con cebola, pemento verde e vermello), senón tamén polo ambiente familiar que se crea arredor deste cefalópodo. Os pratos e as tazas de viño de olería tradicional son outro dos sinais de identidade desta festa, e quen degusta o polbo leva unha peza cerámica de agasallo. O pregón e o acompañamento musical completan o cartel da xornada.













O OENACH ATLÁNTICO (NARÓN)

Oenach era o lugar de reunión ou a feira que celebraban os pobos celtas de xeito estacional, como explican no blogue *VisionesdeFerrolterra*. Esta palabra de orixe gaélico significa asemblea ou celebración e define «un espazo onde se establecían alianzas militares, operacións mercantís e casamentos». O Concello de Narón e o Padroado da Cultura organizan o Oenach Atlántico, en colaboración coa Asociación de Veciños Rosa dos Ventos, na parroquia de Sedes, a finais de xullo. A feira de artesanía e o mercadillo artesán instálanse nas proximidades do recinto feiral, con demostracións de distintos traballos manuais. O baile, a gastronomía, o deporte rural ou o teatro completan a oferta desta festa que reivindica a cultura e a forma de vida castrexa. O entorno, coas tradicionais pallozas, préstase para revivir e afondar no mundo celta.











SEMANA SANTA (FERROL)

Xa contaba co recoñecemento de Interese Turístico Galego e Nacional, e o 16 de xaneiro de 2014 a Semana Santa de Ferrol foi declarada de Interese Turístico Internacional. A entón presidenta da Xunta Xeral de Confrarías, María del Carmen Arcos, subliñaba o «traballo tremendo» feito pola coordinadora, as confrarías e ela mesma para recompilar toda a documentación precisa para acadar esta distinción. A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, incidía na repercusión para a hostalería e o comercio, e a importancia daquela declaración para que «moitos forasteiros visiten Ferrol e a súa comarca, e comprobén as beleza da zona». Máis aló da compoñente relixiosa, a Semana Santa de Ferrol é un dos motores da economía local, cunha repercusión que vai a máis, ano tras ano. Os ferroláns volven e os foráneos descubren a cidade.









FESTA DO PAN (NEDA)

O pan, as panadeiras e os panadeiros constitúen o eixo dunha festa que vai máis aló do aspecto gastronómico. Así quedou demostrado en setembro do 2021, cando a pandemia condicionou a Festa do Pan de Neda. A comida de confraternidade, unha tradición deste encontro, suspendeuse, e gañaron peso a música e o sendeirismo, con catro saídas pola Ruta dos Muíños, unha das actividades asociadas a esta festa. Dos muíños vén, precisamente, a tradición panadeira deste municipio. O Concello promoveu un certame artístico para que a rapazada amosase, a través de debuxos, o seu coñecemento do mundo do pan. Coa volta á normalidade, a festa recobra a súa esencia, coa venda de pan, empanadas e doces, obradoiros e concertos. O que ningún dos mestres panadeiros desta terra desvela é a fórmula que explica a calidade do seu produto.













FESTA DAS PEPITAS (FERROL)

O festival de homenaxe ás madriñas e ao padriño e a distinción aos rondallistas é un dos actos previos á Festa das Pepitas, unha das máis identificativas da cidade de Ferrol. Bohemios, Só Elas, Club de Campo e Añoranzas (que vén de celebrar o corenta aniversario da súa refundación) son algunhas das rondallas que participan nestes actos. Hai moito traballo previo á gran noite das Pepitas, cos preparativos das cintas que adornan as capas dos afillados (no caso da madriña). Hai quen leva máis dun cuarto de século vinculado ás rondallas e á tradición desta festa. As agrupacións musicais que participan tamén levan moitos anos ligadas a este evento. É o caso da dependente da sociedade Club de Campo, que se suma ás celebracións desde o 18 de marzo do ano 1987. Nese tempo non faltou nin unha soa vez á súa cita coas Pepitas.













FESTIVAL INTERNACIONAL MUNDO CELTA (ORTIGUEIRA)

O Festival Internacional do Mundo Celta, fundado en 1978 pola Escola de Gaitas de Ortigueira, conta co recoñecemento de Festa de Interese Turístico Galego, Nacional e Internacional. No 2014 obtivo o Premio da Cultura Galega na modalidade de música. Logo dunha primeira etapa, ata 1984, retomouse no 1995, cunha aposta por actividades paralelas como conferencias, exposicións, proxección de documentais ou a feira de artesanía. Os concertos gratuítos, na Alameda, e a acampada no piñeiral de Morouzos constitúen dúas das singularidades deste festival, que move a varios milleiros de persoas cada ano. Para a vila de Ortigueira representa un auténtico revulsivo social e económico, con especial impacto para a hostalería e o comercio. O Mundo Celta celébrase en xullo, é un referente cultural e leva o nome de Ortigueira polo mundo.













Estrella Galicia

ORTIGUEIRA
FOGARI DE
ESTRELLA
GALICIA

ORTIGUEIRA
FOGARI DE
ESTRELLA
GALICIA

Estrella Galicia

Estrella Galicia

Estrella Galicia

Estrella Galicia

Estrella Galicia

Estrella Galicia

Estrella Galicia



PANTÍN CLASSIC PRO (VALDOVIÑO)

O Pantín Classic, que naceu no ano 1988, é o campionato de surf máis antigo de España. Na páxina web do Concello de Valdoviño describen así o areal no que se desenrola: «Pantín, unha auténtica casa para quen o surf é, máis que un deporte, unha forma de vida. É un lugar de peregrinación para quen goza co seu espectáculo. Coa natureza. Para quen busca liberdade. Pantín é surf. Aquí nacen as ondas máis grandes, as de maior percorrido, tanto con marea alta como con marea baixa. E o mellor é que en Pantín podes coller a táboa durante todo o ano. Enfrontar o teu corpo e a túa mente a unha batalla contra a natureza, na que vos atopades só ti e a onda que está por chegar. Na que tentas dominala, pero acabas fundíndote con ela». Durante anos disputouse entre finais de agosto e comezos de setembro, e nos últimos anos pasou ao mes de xuño.









de FESTA



Xulio Villarino

(Fazouro-Foz, 1969)

Diplomado pola Facultade de Formación do Profesorado de Lugo. De formación fotográfica autodidacta, comezou a súa carreira profesional en La Voz de Galicia, onde traballou nas edicións de A Mariña e Vigo, entre 1993 e 2001, dende cando decide adicarse ao fotoxornalismo de forma independente.

É coautor dos libros Once fotógrafos no Camiño (2007), Mar, a pesca en Galicia (2008) e El camino que hacemos juntas (2010).

En 2011 publicou A Mariña 43º Norte; en 2012 Finisterraes los faros de Galicia; en 2013 Space Kitties, en 2015, As Pontes ceo aberto, en 2016 Mañón dous mares e en 2019 Ortigueira terra de mar.

É Premio Ortega e Gasset de fotografía.

A súa obra atópase en diversas coleccións públicas e privadas.

www.xuliovillarino.com